

Afonso Sanches e Vasco Martins de Resende

Rubrica

- Vaasco Martins, pois vós trabalhades
e trabalhastes de trobar d'amor,
do que agora, par Nostro Senhor,
quero saber de vós, que mi o digades,
dizede-mi-o, ca bem vos estará:
pois vos esta, por que trobastes, já
morreu, par Deus, [senhor], por quem trobades?

- Afonso Sanches, vós [me] preguntades
e quero-vos eu fazer sabedor:
eu trobo e trobei pola melhor
das que Deus fez - esto ben'o creades;
esta do coração nom me salrá,
e atenderei seu bem, se mi o fará;
e vós al de mim saber nom queirades.

- Vaasco Martins, vós nom respondedes,
nem er entendo, assi veja prazer,
por que trobades - que ouvi dizer
que aquela por que trobad'havedes,
e que amastes vós mais doutra rem,
que vos morreu há gram temp', e por en
pola morta a trobar nom devedes.

- Afonso Sanches, pois nom entendedes
em qual guisa vos eu fui responder,
a mim en culpa nom devem poer,
mais a vós, se o saber nom podedes:
eu trobo pola que m'em poder tem
e vence todas de parecer bem,
pois viva é, ca nom como dizedes.

- Vaasco Martins, pois morreu por quem
sempre trobastes, maravilho-m'en,
pois vos morreu, como nom morredes.

- Afonso Sanches, vós sabede bem

que viva é e comprida de sem
a por que eu trob'; e sabê-lo-edes.

cantigas-stag.square-bit.com

© 12/05/2026